

---

## O Centro de Supercomputación de Galicia sube ao posto 227 do TOP500

- Actualizado (26.09.2005)

A recente incorporación do Integrity Superdome aos equipos do Cesga, grazas á cofinanciación FEDER, permitiulle a este organismo atoparse entre os douscentos cincuenta centros do mundo cos recursos de maior capacidade no eido da supercomputación.

O TOP500 é unha lista que se elabora cada seis meses desde o ano 1993 para facilitar unha base de datos fiable que localiza e clasifica sistemas e equipos de supercomputación en todo o mundo. Esta lista inclúe ademais datos específicos sobre as áreas de aplicación dos sistemas. O ránking TOP500 elabórase a partir da potencia dos sistemas no Linpack Benchmark.

A nova edición do TOP500, que se publicou o pasado 15 de novembro, reflicte os espectaculares avances acadados nos últimos seis meses polo Cesga converténdose no primeiro referente español en materia de supercomputación. O TOP500 experimentou neste semestre grandes movementos, como o demostra o feito de que o derradeiro posto da nova lista estea ocupado por un equipo de 403'4Gflop/s situado no 290 en xuño do 2003. Isto ven acompañado polo incremento do número de sistemas que exceden o 1TFlop/s, e que pasaron de 59 á 131. Así mesmo o nivel de entrada na lista fíxase en 403G'4 Gflop/s, fronte ós 245'1Gflop/s de hai tan só seis meses.

Outro dato significativo vén dado polo total da potencia acumulada polos cincocentos sistemas recollidos na lista que supera nestes intres o medio petaflop. Agora mesmo a potencia é de 528Tflop/s cando na lista anterior era de 375Tflop/s. Ademais o punto de entrada para o TOP100 desprazouse desde os 708Gflop/s do listado anterior aos 1142Tflop/s do actual.

No novo TOP500, 189 sistemas usan procesadores Intel fronte aos 119 de hai seis meses e aos escasos 59 de hai tan só un ano. Por outra banda, 208 sistemas están clasificados como clusters, o que fai desta estrutura a máis común da lista. IBM é a compañía que lidera novamente na lista o total da potencia instalada, aumentando a súa porcentaxe ata o 35'4 por cento, fronte ao 31.8 por cento de hai un ano. HP sitúase en segundo lugar da potencia instalada co 22.7 por cento, e NEC é o terceiro co 8.7 por cento.